

**CONCELLO DO CARBALLIÑO**

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)  
 Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08  
[www.carballino.gal](http://www.carballino.gal)  
[concello@carballino.gal](mailto:concello@carballino.gal)  
[carballino.sedelectronica.gal](mailto:carballino.sedelectronica.gal)

**CONCELLO DE MASIDE**

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)  
 Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 28 0 684  
[www.concellodemaside.es](http://www.concellodemaside.es)  
[concello.maside@edolocal.es](mailto:concello.maside@edolocal.es)  
[maside.sedelectronica.gal](mailto:maside.sedelectronica.gal)

**CONVENIO URBANÍSTICO**  
**ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E O CONCELLO DE MASIDE**

PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO  
 CARBALLIÑO E DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL DE MASIDE  
 PARA O DESENVOLVEMENTO DE SOLO INDUSTRIAL

En O Carballiño, a 25 de novembro de 2020.

Comparecen ao outorgamento do presente Convenio Urbanístico,

**REUNIDOS**

Dunha banda, DON FRANCISCO JOSÉ FUMEGA PIÑEIRO, con N.I.F. núm.: 34940479Y, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello do Carballiño, con C.I.F. núm.: P32020O0J, que comparece asistido de DON IGNACIO MUÑOZ PACÍN, na súa condición de Secretario do mesmo Concello, quen dá fe do acto e en exercicio das funcións atribuídas tanto polo apartado 1.a) do artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local como polo apartado 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o régime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; ambos con domicilio para os efectos do presente documento en Praza Maior, 1 – O Carballiño, C.P.: 32500, O Carballiño, provincia de Ourense.

E doutro, DON JOSÉ MANUEL IGLESIAS ARAÚJO, con D.N.I. núm.: 34967030S, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Maside, con C.I.F. núm.: P3204600E, que comparece asistido de DON JOSÉ ANTONIO ABELEDO MAGARIÑOS, na súa condición de Secretario do mesmo Concello, quen dá fe do acto e en exercicio das funcións e en exercicio das funcións atribuídas tanto polo apartado 1.a) do art. 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local como polo apartado 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o régime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; ambos con domicilio para os efectos do presente documento en Praza Maior, 1 – Maside, C.P.: 32570, provincia de Ourense.

**ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS**

O planeamento vixente de aplicación do Municipio do Carballiño vén dado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante PXOM), que foi aprobado definitivamente polo Pleno municipal na súa sesión extraordinaria do 11 de marzo de 1999 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (número 83, do 14 de abril de 1999).

Os terreos incluídos dentro do ámbito da ampliación da área empresarial do Carballiño –emprazados no seu termo municipal– clasifícaronse, segundo o plano de zonificación do referido PXOM, en solo rústico apto para urbanizar.

O planeamento vixente de aplicación do Municipio de Maside vén dado polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (en adiante NSPM), que foron aprobadas definitivamente con data 29 de outubro de 1985 pola Comisión Provincial de Urbanismo e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (número 52, do 3 de marzo de 1988).

4. Os terreos incluídos dentro do ámbito da ampliación da área empresarial do Carballiño –emprazados no seu termo municipal de Maside– clasifícaronse, segundo o plano de zonificación das referidas NSPM, en solo urbanizable de uso rural e solo non urbanizable de especial protección.



#### CONCELLO DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)  
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08  
[www.carballino.gal](http://www.carballino.gal)  
[concello@carballino.gal](mailto:concello@carballino.gal)  
[carballino.sedelectronica.gal](mailto:carballino.sedelectronica.gal)



#### CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)  
Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 28 0 684  
[www.concellodemaside.es](http://www.concellodemaside.es)  
[concello.maside@ejidolocal.es](mailto:concello.maside@ejidolocal.es)  
[maside.sedelectronica.gal](mailto:maside.sedelectronica.gal)

5. Ámbalas dúas partes manifestan o seu interese en desenvolver as modificacións puntuais dos seus respectivos planeamentos co obxecto de reclasificar o solo rústico apto para urbanizar do PXOM e o solo non urbanizable de uso rural e o solo non urbanizable de especial protección das NSPM, en solo urbanizable industrial.

As partes no exercicio das competencias que lles están atribuídas, recoñéncense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio, a cuxos efectos

#### MANIFESTAN

- I. Que o Concello do Carballiño e o Concello de Maside teñen interese en favorecer, impulsar e promover o desenvolvemento industrial, empresarial e comercial da zona coa ampliación do solo industrial do Carballiño que ocupará terreos de ámbolos dous municipios.

Que, dentro das actuacións urbanísticas necesarias para a execución do devandito desenvolvemento, será preciso aprobar a modificación puntual do PXOM vixente no Concello do Carballiño e das NSPM vixentes no Concello de Maside.

Que a execución de tal ampliación é de enorme interese para o Concello do Carballiño, xa que o solo industrial que se pretende desenvolver permitirá compactar as áreas empresariais existentes na actualidade, facendo aptas bolsas de solo que limitan co solo industrial existente e contribuíndo a unha implantación integrada no territorio das actividades económicas. e para o Concello de Maside porque unha das súas principais carencias é a falta crónica de solo industrial. Esta penuria permanente é un factor que condiciona negativamente as posibilidades de crecemento da economía deste municipio. E non só no sector industrial, senón en todos. Non se pode esquecer que, arredor da implantación de cada nova industria medran outras industrias relacionadas, e empresas de servizos que contribúen á elevación dos niveis de emprego e renta, e por tanto á mellora do entorno socio-económico, repercutindo nas actividades comerciais da zona.

Que o desenvolvemento desta ampliación do solo industrial suporá unha mellora indubidable da actividade empresarial e comercial da comarca, impulsando a potencialidade dos dous municipios incluídos na zona e limítrofes a tal desenvolvemento, optimizando a súa situación estratéxica e favorecendo a riqueza e o emprego, principal motor do crecemento dun territorio.

IV.

Que o fundamento do presente convenio urbanístico atópase nas seguintes normas:

- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello do Carballiño, aprobado definitivamente o 11 de marzo de 1999 (PXOM).
- Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Maside, aprobadas definitivamente o 29 de outubro de 1985 (NSPM).

Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG).

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante RLSG).

Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo (PBA).

- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (RBEL).

Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, que afecta ao presente expediente en materia de competencia (artigo 52.2 da LBRL, modificado pola Disposición Adicional Novena).

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, coas modificacións introducidas polo artigo Primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, así como as que se deducen da Sentenza do Tribunal Constitucional do 3 de



## CONCELLO DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)  
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08  
[www.carballino.gal](http://www.carballino.gal)  
[concello@carballino.gal](mailto:concello@carballino.gal)  
[carballino.sedelectronica.gal](mailto:carballino.sedelectronica.gal)



## CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)  
Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 28 0 684  
[www.concellodemaside.es](http://www.concellodemaside.es)  
[concello.maside@eidelocal.es](mailto:concello.maside@eidelocal.es)  
[maside.sedelectronica.gal](mailto:maside.sedelectronica.gal)

marzo de 2016 e polo citado Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, e demais normativa que resulte aplicable (LBRL).

De acordo co artigo 165.1 da LSG e o artigo 398 do RLSG, os órganos pertencentes ás administracións públicas poderán subscibir, sempre no ámbito das súas respectivas competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, co obxecto de colaborar e desenvolver de xeito máis eficaz a actividade urbanística.

Os convenios urbanísticos poden ter como obxectivos, entre outros, a determinación do contido de posibles modificacíons do planeamento en vigor (artigo 398.3.a) do RLSG), co límite sinalado na normativa e no presente convenio.

Por todo, as partes de comén acordo declaran a súa vontade de subscibir o presente convenio conforme as seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio urbanístico é establecer os termos de colaboración entre o Concello do Carballiño e o Concello de Maside para a mellor e más eficaz xestión da actividade urbanística no concernente á modificación do PXOM e das NSPM, delimitando e ordenando detalladamente unha extensión de solo urbanizable e solo rústico de xeito que se materialice a transformación urbanística do devandito solo e se possibilite, en última instancia, a implantación e desenvolvemento da ampliación da área empresarial actual en ambos dous municipios.

En atención aos antecedentes expostos, ámbolos dous concellos acordan solicitar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS) a incorporación do ámbito definido na cláusula segunda deste convenio urbanístico ao Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante PSOAEG)

### SEGUNDA.- ÁMBITO

Na actualidade, o Concello do Carballiño dispón de dous parques empresariais praticamente ocupados:

- O polígono industrial da Uceira, con data de posta en funcionamento 01.01.1980 –e con código da área 32019021 no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia– conta cunha superficie de área de 298.610 m<sup>2</sup>, cunha superficie neta de 153.970 m<sup>2</sup> e unha superficie disponible de 0 m<sup>2</sup>.
- O parque empresarial do Carballiño desenvolveuse en dúas fases:

- A Fase I con data de posta en funcionamento 01.01.1998 –e con código da área 32019011 no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia– conta cunha superficie de área de 253.535 m<sup>2</sup>, cunha superficie neta de 184.451 m<sup>2</sup> e unha superficie disponible de 4.600 m<sup>2</sup>.

A Fase II con data de posta en funcionamento 01.01.2008 –e con código da área 32019012 no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia– conta cunha superficie de área de 87.860 m<sup>2</sup>, cunha superficie neta de 53.009 m<sup>2</sup> e unha superficie disponible de 25.203 m<sup>2</sup>.

Na ampliación proposta diferéncianse catro sectores de actuación que permitirían unha xestión por fases:

- O sector I ten unha superficie bruta de 37.068 m<sup>2</sup> e compõe de 14 parcelas.



#### CONCELLO DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)  
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08  
[www.carballiño.gal](http://www.carballiño.gal)  
[concello@carballiño.gal](mailto:concello@carballiño.gal)  
[carballiño.sedelectronica.gal](mailto:carballiño.sedelectronica.gal)



#### CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)  
Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 28 0 684  
[www.concelodemaside.es](http://www.concelodemaside.es)  
[concello.maside@eidelocal.es](mailto:concello.maside@eidelocal.es)  
[maside.sedelectronica.gal](mailto:maside.sedelectronica.gal)

- O sector II abarca unha superficie bruta de 96.769 m<sup>2</sup>, repartidos en 25 parcelas.
- O sector III ten unha superficie bruta de 10.826 m<sup>2</sup> que se distribúen en 7 parcelas.
- O sector IV, cunha superficie bruta de 79.327 m<sup>2</sup>, ocupa un total de 24 parcelas.

No seu conxunto, a actuación proposta no Municipio do Carballiño abrangue un total de 223.990 m<sup>2</sup> distribuídos nun total de 70 parcelas.

Na actualidade, o Concello de Maside dispón de 104.380,16 m<sup>2</sup> de solo apto para urbanizar de uso industrial previstos nas NSPM pero que –ao non desenvolver o plan parcial correspondente– equivalen a un solo rústico e polo tanto non teñen un uso industrial inmediato e, para iso, esixen unha reclasificación.

O novo solo industrial no Municipio de Maside –que ocupará terreos ao carón da estrada autonómica OU-504 que enlaza Ribadavia con Cea ("Eixo do Ribeiro")– permitirá prescindir da superficie do solo apto para urbanizar de uso industrial previsto nas NSPM.

A ampliación proposta no Municipio de Maside ten unha superficie bruta de 666.105 m<sup>2</sup> e componse de 261 parcelas.

A delimitación dos ámbitos de actuación propostos –que comprenden unha superficie total aproximada de 890.095 m<sup>2</sup> e que, en todo caso, teñen de carácter orientativo, sendo definidas finalmente por ámbolos dous documentos de modificación puntual de planeamento– identifícanse nos planos que se achegan como Anexo 1.a e Anexo 1.b do presente convenio.

Acompáñase así mesmo, como Anexo 2.a e Anexo 2.b, sendos planos catastrais identificativos da totalidade de parcelas catastrais incluídas no ámbito da modificación puntual do PXOM do Concello do Carballiño e no ámbito da modificación puntual das NSPM do Concello de Maside.

#### TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DO CONTIDO URBANÍSTICO DO CONVENIO

O presente convenio é conveniente para o interese xeral ao fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas, como esixe o artigo 200.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 83.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia), relativo á modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

As modificacíons supoñen unha alteración puntual no contido do PXOM e das NSPM, que implica cambios illados na clasificación do solo. A aparición de circunstancias sobrevidas, neste caso de carácter económico, que inciden substancialmente sobre a ordenación e o esgotamento da capacidade de ámbolos dous instrumentos de planeamento urbanístico municipais vixentes, incapaces de dar resposta a esta demanda, motivan a adopción de novos criterios respecto da clasificación do solo nese ámbito de actuación.

Este convenio así definido e especificado motiva, xustifica e habilita a dobre iniciativa municipal á que dá cobertura o mesmo, dando así cumprimento aos principios de promoción da ordenación e xestión urbanística baixo o presuposto da celeridade, eficacia administrativa e economía procedemental.

O convenio reporta por tanto un beneficio común para ámbolos dous partes: para o Concello do Carballiño, porque supón un incremento da superficie de solo destinado a uso industrial –que actualmente resulta insuficiente pola demanda emerxente– e para o Concello de Maside, porque as NSPM definían unha superficie de solo destinado a uso industrial, inoperante porque non chegou a desenvolverse.

A modificación puntual do planeamento propón polo tanto e, de acordo coas previsións do futuro PXOM, un incremento da superficie dando continuidade pola outra marxe da estrada autonómica OU-504 que enlaza Ribadavia con Cea ("Eixo do Ribeiro") ao solo industrial disponible e en funcionamento –e praticamente esgotado– do Carballiño.

#### CUARTA.- NATUREZA E ÁMBITO FUNCIONAL DO CONVENIO



#### CONCELLO DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)  
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08  
[www.carballino.gal](http://www.carballino.gal)  
[concello@carballino.gal](mailto:concello@carballino.gal)  
[carballino.sedelectronica.gal](mailto:carballino.sedelectronica.gal)



#### CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)  
Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 28 0 684  
[www.concellodemaside.es](http://www.concellodemaside.es)  
[concello.maside@eidolocal.es](mailto:concello.maside@eidolocal.es)  
[maside.sedelectronica.gal](mailto:maside.sedelectronica.gal)

O presente convenio urbanístico de planeamento para a execución da ampliación do solo industrial do Carballiño en solo do Municipio do Carballiño e do Municipio de Maside ten carácter administrativo e as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción son competencia do órganos xurisdiccionais contencioso-administrativo (artigo 165.4 da LSG).

#### QUINTA.- CLASE DE CONVENIO

De acordo co Título VII do RLSG o presente convenio é un convenio urbanístico de planeamento que ten como obxectivo a determinación do contido das modificacións do planeamento urbanístico en vigor en ámbolos dous municipios.

#### SEXTA.- LÍMITES DO CONVENIO

De acordo co artigo 398 do RLSG o presente convenio urbanístico non pode limitar ou eludir o exercicio das competencias urbanísticas que correspondan a cada unha das administracións públicas que o subscreiben nin tampouco pode dispensar do cumprimento das obrigacións que impón a normativa urbanística, incluídas as determinacións dos instrumentos de plan urbanístico.

Serán por tanto nulas de pleno dereito as estipulacións contidas no presente convenio que contraveñasn, infrinxan ou defrauden obxectivamente normas imperativas legais ou regulamentarias, incluídas a do planeamento urbanístico.

O presente convenio non poderá establecer obrigas ou prestacións adicionais nin más gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo das persoas propietarias afectadas.

A negociación, formalización e cumprimento deste convenio rexeranse polos principios de transparencia e publicidade.

Calquera interpretación do convenio deberá realizarse de forma que quede salvagardada a prevalencia de toda norma ou plan en vigor en detrimento do presente convenio.

#### SÉTIMA.- FINALIDADE DO PRESENTE CONVENIO

A finalidade do presente convenio é definir os termos de colaboración entre o Concello do Carballiño e o Concello de Maside para a realización das actuacións necesarias que permitan a ágil execución da ampliación do actual parque industrial e empresarial do Carballiño.

#### OCTAVA.- COMPROMÍSOS DAS PARTES

Ámbolos dous concellos comprométense a asinar un convenio co IGVS ou coa sociedade pública estatal Solo Empresarial do Atlántico, S.L. (en adiante SEA) para a redacción dun proxecto sectorial do parque empresarial de incidencia supramunicipal, en desenvolvemento do contido do plan sectorial previamente aprobado, que estableza a ordenación urbanística do ámbito de actuación, e o correspondente proxecto de obras públicas, declarando a utilidade pública e o interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación para os efectos da expropiación, e o marcado carácter territorial das obras previstas no proxecto sectorial para os efectos do disposto no artigo 11.3 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e na disposición derradeira terceira da LSG; así como para a execución das obras de urbanización precisas.

De acordo co artigo 24 da Lei 10/95, de Ordenación do Territorio de Galicia, e o artigo 11 do Decreto 80/2000, polo que se regulan os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, as determinacións contidas nos mesmos vincularán o plan dos entes locais en que se asenten devanditos proxectos, que haberán de adaptarse a elles dentro dos prazos que para ese efecto determinen.



#### **CONCELLO DO CARBALLIÑO**

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)  
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08  
[www.carballino.gal](http://www.carballino.gal)  
[concello@carballino.gal](mailto:concello@carballino.gal)  
[carballino.sedelectronica.gal](mailto:carballino.sedelectronica.gal)



#### **CONCELLO DE MASIDE**

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)  
Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 280 684  
[www.concellodemaside.es](http://www.concellodemaside.es)  
[concello.maside@eidalocal.es](mailto:concello.maside@eidalocal.es)  
[maside.sedelectronica.gal](mailto:maside.sedelectronica.gal)

#### **NOVENA.- VIXENCIA DOS COMPROMISOS ASUMIDOS**

O Concello do Carballiño e o Concello de Maside poderán resolver o presente convenio, quedando este sen efecto se se incumprisen os prazos e demais previsións contidas no mesmo, relativos ao contido e tramitación dos documentos referidos e tal incumplimento fose imputable a algún dos concellos ou se os atrasos acumulados impiden o inicio das obras de urbanización dunha fase da ampliación do parque industrial/empresarial no prazo previsto de 30 meses ou a disposición das parcelas dessa fase no prazo previsto de 50 meses, contados a partir da data da solicitude ao IGVS incluída na cláusula primeira deste convenio urbanístico.

En ningún caso o presente convenio poderá dar lugar a prexuízo económico para algún dos concellos. As partes colaborarán mutuamente en todas as actuacións a realizar dentro do ámbito das súas competencias e facultades, en beneficio da pronta execución das determinacións dos plans e de cumprimento das estipulacións pactadas no presente convenio.

#### **DÉCIMA.- PROCEDIMENTO PARA A APROBACIÓN DO CONVENIO**

A negociación, aprobación, formalización e execución do presente convenio debe desenvolverse de acordo ao establecido no artigo 401 do RLSG. A tramitación do convenio seguirá o seguinte procedemento:

1. Presentación, previa negociación, do proxecto de convenio subscrito polas partes.
2. Aprobación polos órganos competentes.
3. Notificación da aprobación aos propietarios das parcelas afectadas.
4. Información pública (1 mes):
  - Anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia*.
  - Anuncio nun dos xornais de maior difusión da provincia.
5. Formalización en documento administrativo (si se formulan alegacións, consideralas e elaborar unha proposta de texto definitivo do convenio).
6. O texto definitivo deberá ser ratificado polos dous concellos e asinado en menos de 15 días, logo da notificación da súa aprobación.
7. Formalización en documento administrativo.
8. Aprobación polos órganos municipais, previos informes técnicos e de legalidade sobre a adecuación do documento.
9. Publicación no *Diario Oficial de Galicia* do texto do convenio e dos acordos de aprobación.

#### **UNDÉCIMA.- XURISDICIÓN**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio urbanístico, dada a súa natureza e vinculación directa e inmediata á satisfacción do interese público, entenderán sometidos aos tribunais da xurisdición contenciosa administrativa, con sede na provincia de Ourense.

#### **DUODECIMA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO PRESENTE CONVENIO**

Este convenio urbanístico regúlase polo disposto nos artigos 165 e seguintes da LSG, así como dos artigos 398 e seguintes do RLSG polo que, as estipulacións contidas no mesmo só teñen o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento; e iso sobre a base do acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concretar a ordenación proposta, sen que, por tanto, quede condicionado o exercicio polas administracións públicas das súas potestades de plan.

En consecuencia, de non alcanzar aprobación definitiva ámbolos dous documentos de modificación de plan, non procederá indemnización algúmha a favor dos propietarios –asinantes do presente convenio ou afectados polo mesmo–, nin sequera polos eventuais prexuízos que se derivasen por gastos de redacción e tramitación dos distintos documentos necesarios.

**CONCELLO DO CARBALLIÑO**

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)

Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08

www.carballino.gal

concello@carballino.gal

carballino.sedelectronica.gal

**CONCELLO DE MASIDE**

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)

Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 280 684

www.concellodemaside.es

concello.maside@cidolocal.es

maside.sedelectronica.gal

Conforme ao establecido no artigo 168.2 LSG e no artigo 401.3 RLSG, este convenio incluirase, para a súa información pública, como anexo aos documentos da Modificación Puntual do PXOM do Carballiño e da Modificación Puntual das NSPM de Maside, obxectos do mesmo.

**DÉCIMOTERCEIRA.- GASTOS**

Todos os gastos que se xeren na tramitación administrativa do convenio serán por conta do Concello do Carballiño e do Concello de Maside.

Lido o presente convenio urbanístico, e en proba da súa conformidade, asínase por ámbalas dúas partes, por duplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data ao principio indicados.

O Alcalde do Concello do Carballiño



Asdo.: D. Francisco José Fumega Piñeiro

O Secretario do Concello do Carballiño



Asdo.: D. Ignacio Muñoz Pacín

O Alcalde do Concello de Maside



Asdo.: D. José Manuel Iglesias Araújo

O Secretario do Concello de Maside



Asdo.: D. José Antonio Iglesias Magariños



## CONCELLO DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)  
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08  
[www.carballino.gal](http://www.carballino.gal)  
[concello@carballino.gal](mailto:concello@carballino.gal)  
[carballino.sedelectronica.gal](http://carballino.sedelectronica.gal)




## CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)  
Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 280 684  
[www.concellodemaside.es](http://www.concellodemaside.es)  
[concello.maside@cidolocal.es](mailto:concello.maside@cidolocal.es)  
[maside.sedelectronica.gal](http://maside.sedelectronica.gal)

### Anexo 1.a

#### DELIMITACIÓN ÁMBITO DE ACTUACIÓN CONCELLO DO CARBALLIÑO



O ámbito está formado por 70 parcelas que suman unha superficie total de 223.990 m<sup>2</sup>. Plano cartografía catastral e ortofoto PNOA.  
Fonte plano base: © Dirección General del Catastro.





#### CONCELLO DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)

Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08

[www.carballino.gal](http://www.carballino.gal)

[concello@carballino.gal](mailto:concello@carballino.gal)

[carballino.sedelectronica.gal](http://carballino.sedelectronica.gal)



#### CONCELLO DE MASIDE

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)

Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 280 684


[www.concellodemaside.es](http://www.concellodemaside.es)

[concello.maside@xidolocal.es](mailto:concello.maside@xidolocal.es)

[maside.sedelectronica.gal](http://maside.sedelectronica.gal)

#### Anexo 1.b

#### DELIMITACIÓN ÁMBITO DE ACTUACIÓN CONCELLO DE MASIDE



O ámbito está formado por 261 parcelas que suman unha superficie total de 666.105 m<sup>2</sup>. Plano cartografía catastral e ortofoto PNOA.  
Fonte plano base: © Dirección General del Catastro.





**CONCELLO DO CARBALLIÑO**

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)

Tel: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08

[www.carballiño.gal](http://www.carballiño.gal)

[concello@carballiño.gal](mailto:concello@carballiño.gal)

[carballiño.sedelectronica.gal](mailto:carballiño.sedelectronica.gal)



**CONCELLO DE MASIDE**

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)

Tel: 988 28 0 606 - Fax: 988 280 684


[www.concellodemaside.es](http://www.concellodemaside.es)

[concello.maside@xidolocal.es](mailto:concello.maside@xidolocal.es)

[maside.sedelectronica.gal](mailto:maside.sedelectronica.gal)

**Anexo 2.a**

PARCELAS CATASTRALES INCLUÍDAS NO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CARBALLIÑO



Estrutura da propiedade sobre plano cartografía catastral. Fonte plano base: © Dirección General del Catastro.





**CONCELLO DO CARBALLIÑO**

Praza Maior, 1 - 32500 O Carballiño (Ourense)

Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08

[www.carballino.gal](http://www.carballino.gal)

[concello@carballino.gal](mailto:concello@carballino.gal)

[carballino.sedelectronica.gal](mailto:carballino.sedelectronica.gal)



**CONCELLO DE MASIDE**

Praza Maior, 1 - 32570 Maside (Ourense)

Tel.: 988 28 0 606 - Fax: 988 28 0 684


[www.concellodemaside.es](http://www.concellodemaside.es)

[concello.maside@eidolocal.es](mailto:concello.maside@eidolocal.es)

[maside.sedelectronica.gal](mailto:maside.sedelectronica.gal)

**Anexo 2.b**

PARCELAS CATASTRALES INCLUÍDAS NO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NSPM DE MASIDE



Estrutura da propiedade sobre plano cartografía catastral. Fonte plano base: © Dirección General del Catastro.

